

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 14/02/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.2. Convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga (Exp. 70/2020)**

O alcalde dálles conta aos membros da Xunta de Goberno Local do borrador de convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga, que ten por obxecto regular as bases de colaboración entre ámbalas dúas entidades para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da Antiga Escola de Puga e do Local Social da Picada.

Nas bases de execución (base 24<sup>a</sup>, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén para o exercicio 2020, consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade CMVMC A Fenteira, con CIF V32215212, polo importe máximo de 900,00 €, con destino ao convenio de mantemento de instalacións de uso veciñal.

Visto o borrador do convenio e de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno local co voto favorable de todos os seus membros e uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 19/06/2019 (BOP nº 166, do 20/07/2019), ACORDA:

*PRIMEIRO.- Aprobar o borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga, para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento da Antiga Escola de Puga e do Local Social da Picada que se reproduce como anexo a este acordo.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto recollido no dito convenio por importe de 900,00 €, en concepto de subvención á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga, con CIF V32215212, baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do obxecto do convenio de colaboración. A subvención satisfacerase con cargo á aplicación 337.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020.*

*TERCEIRO.- Facultar ao alcalde para a sinatura do correspondente convenio co representante da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga.*

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A COMUNIDADE DE  
MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN A FENTEIRA DE PUGA PARA O FINANCIAMENTO DOS**

**Concello de Toén**



**GASTOS DE MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DA ANTIGA ESCOLA DE PUGA E DO LOCAL SOCIAL DA PICADA (EXP. 70/2020)**

Na Casa do Concello de Toén, o día ..... de ..... de 2020

**REÚNENSE:**

Dunha parte, Ricardo González Gómez, con DNI 44459193D, alcalde do Concello de Toén, actuando en nome e representación do Concello, en virtude do seu cargo.

Doutra, Joan Vispo Delfino, con DNI 44495869T, na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga (en diante, a Comunidade), con CIF V32215112

**MANIFESTAN:**

**PRIMEIRO.-** Que ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para a formalización deste convenio.

**SEGUNDO.-** O artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaránlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades. O artigo 232 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, di que na medida en que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire a gastos xerais como ás actividades que realicen.

O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle aos Concellos a competencia sobre a materia de actividades ou instalacións culturais e deportivas e ocupación do tempo libre.

**TERCEIRO.-** O inmovible da Antiga Escola de Puga (con referencia catastral DF0607000NG88E0001HE e inscrito no inventario de bens municipais –elemento urbano nº 119- aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24/03/2011) é de titularidade municipal. As instalacións veñen sendo usadas polas diferentes entidades asociativas da parroquia de Puga, entre elas pola Comunidade, para o desenvolvemento das súas actividades.

**CUARTO.-** O custo da enerxía eléctrica, tanto da propia escola como das instalacións anexas propiedade da Comunidade, veñen sendo asumidas pola dita entidade. O Concello ten a vontade de compensar economicamente á Comunidade polo dito gasto ao ser imputable parcialmente a unha instalación de titularidade municipal.

**QUINTO.-** A Comunidade realizou obras de rehabilitación e acondicionamento dun inmovible da súa propiedade en Puga con destino a local social, dando lugar ao que hoxe se coñece como 'Local Social da Picada'.

As ditas obras foron financiadas con recursos propios da Comunidade e cunha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O Concello colaborou a través da concesión dun préstamo asinado con data 13/09/2013 –modificado con data do 30.12.2013- por razón do interese público que supón a dotación ao núcleo de Puga dun local social para o uso dos veciños. Ademais o Concello veu concedendo anualmente unha subvención para cubrir os xuros que devengou o préstamo concedido (que foi cancelado definitivamente con data 04/10/2017).

O Concello non dispón na parroquia de Puga dun local debidamente acondicionado para a realización de actividades propias municipais, como actos culturais, reunións cos veciños, e outros de semellante natureza.

Por todo o anterior e co obxecto de acadar o fin proposto, o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga acordan subscribir este convenio de colaboración segundo as seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Toén e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Fenteira de Puga para o financiamento dos gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Antiga Escola de Puga -en concreto dos gastos de subministración eléctrica- e do Local Social da Picada.

**SEGUNDA.-** O Concello comprométese a aboar a cantidade de 900 €, con destino ao financiamento dos gastos de subministración de enerxía eléctrica ás instalacións da Antiga Escola de Puga correspondentes ao exercicio 2020 (tamén se poderán incluír facturas do ano 2018 sempre que non foran presentadas para a xustificación da subvención concedida ao abeiro do convenio asinado con data 27/02/2019) e dos gastos de mantemento e funcionamento ordinarios do Local Social da Picada (enerxía eléctrica; calefacción; teléfono; seguros, limpeza, pequenas reparacións e outros de semellante natureza) comprendidos entre o 01/01/2020 e o 31/12/2020. De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Toén na sesión de data ....., a cantidade



indicada librarase con cargo á aplicación 337.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020, tendo a consideración de subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello.

**TERCEIRA.-** A Comunidade comprométese a cederlle o uso ao Concello de Toén das instalacións do Local Social da Picada, previa a comunicación do Concello, para a realización de actividades de competencia municipal tales como actos culturais; reunións; conferencias; actividades derivadas de procesos electorais, e outras de semellante natureza.

**CUARTA.-** De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- Memoria relativa aos gastos financiados con cargo á subvención concedida, co detalle do seu importe, proveedor e concepto. Xuntarase unha copia das facturas coa xustificación do seu pagamento.
- Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaración acreditativa de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.

Poderanse facer pagamentos parciais a conta da xustificación final polo importe do gasto que se xustifique debidamente con presentación de facturas e xustificación do seu pagamento.

**CUARTA.-** A subvención prevista neste convenio é compatible con calquera outra que poida percibir a Asociación polo mesmo concepto, sen prexuízo de que o importe total das subvencións percibidas non poida exceder do custo da actividade subvencionada.

**QUINTA.-** En todo o non previsto neste convenio, resultará de aplicación o disposto na normativa vixente en materia de subvencións.

**SEXTA.-** Este convenio ten natureza administrativa, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

**SÉTIMA.-** O incumprimento de calquera cláusula do convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

O que se estende en duplicado exemplar no lugar e data enriba indicados.

O alcalde

O presidente da Comunidade

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.**

(Documento asinado electronicamente na marxe)

